

A cualificación nas materias da ESO

Nas materias de Valores éticos, para avaliar ó alumnado, ademais de ter en conta o traballo e participacións diarias na aula, así como o grao de desenvolvemento das tarefas que se vaian propoñendo, tamén se realizará unha proba escrita antes de finalizar cada trimestre a modo de avaliación formativa, onde os alumnos, utilizando o material pertinente, deban resolver cuestións teóricas e prácticas que se desenvolvesen ó longo do mesmo. Esta proba poderá ser substituída por un traballo trimestral, que poderá ser presentado de xeito escrito ou oral.

A relación entre o exame ou traballo e as observación de clase ponderarán na relación 60%-40% respectivamente.

Na materia de Filosofía de 4º de ESO, Realizaranse dúas probas cara ó final de cada avaliación sobre a materia impartida, unha de preguntas curtas e outra de desenvolvemento de cuestións máis complexas. A primeira proba cualificarase cun máximo de 4 puntos e a segunda cun máximo de 6. Esta proporción poderá ser invertida no CGTD en atención ás dificultades especiais coas que se atopa este alumnado.

Á cualificación obtida nos exames, será matizada polo traballo diario da aula, podendo ser incrementada ou diminuída ata un máximo de dous puntos polo traballo diario desenvolvido ou falta de traballo, atención ou presentación de tarefas requiridas ó longo do trimestre.

Estes dous puntos determinaranse mediante anotacións do profesor nas que consten observacións positivas e negativas do traballo realizado ou non do alumnado, a razón de 0.2 puntos cada anotación positiva e -0.1 cada anotación negativa. A suma total destas observacións engadirase á nota obtida na avaliación.

Para o alumnado que non supere unha avaliación, realizarase unha proba de recuperación ó inicio da avaliación seguinte. A recuperación da terceira avaliación coincidirá co exame final da materia, ao cal haberán de presentarse os alumnos que teñan algunha avaliación pendente para poder recuperala; dito exame constará dunha batería de preguntas correspondentes a cada avaliación que serán valoradas ata 6 puntos e que, caso de superar a nota da avaliación, se tomará esta última para a realización da media.

A cualificación final da materia será a media aritmética das tres avaliacións.

Aqueles alumnos que por causa xustificada non poidan realizar as probas de xeito presencial daráselles a oportunidade de facelo online, neste caso a proba poderá realizarse oralmente.

A cualificación para a materia de Filosofía de 1º Bacharelato

A cualificación de cada avaliación en 1º de Bacharelato establecerase da seguinte maneira:

a) Un 80% da nota corresponderá ao exame ou exames programados a tal fin. Esta proba tratará de medir especialmente o coñecemento, comprensión e claridade expositiva e argumental dos estándares de aprendizaxe e constará dun exame escrito; poderase dividir este exame en dous exames escritos cun valor do 40% cada un si así o decide o Departamento, en cada un dos cales se avaliará o uso adecuado dos conceptos e terminoloxía técnica, a cohesión, coherencia e consistencia das exposicións.

b) Outro 20% da nota corresponderá ao traballo de aula, que constará de:

1. Observación diaria do traballo e do desenvolvemento do alumno que permita valorar o grado de implicación, a capacidade de aprender, a capacidade de expresión oral e o nivel de desenvolvemento

da competencia social e cidadá. As valoracións de estas observacións deberán estar reflexadas no caderno de notas do profesor e cualificaranse con ata 0.2 puntos en caso de que observacións positivas e -0.1 en caso de que sexan negativas. A suma destas observacións engadirase a nota total obtida el apartado anteriores. Poderase realizar tamén un control en clase consistente en unha proba tipo test ou de preguntas cortas, que poderá valorarse ata dous puntos

2. A nota de xuño será la media aritmética das tres avaliacións
3. Na nota final resultante os decimais redondearanse ao número enteiro superior se acadan medio punto ou máis e ao inferior se non chegan ao medio punto.

A cualificación para a materia de Filosofía de 2º Bacharelato

A cualificación de cada avaliación en 2º de Bacharelato establecerase da seguinte maneira:

a) Un 60% da nota corresponderá ao exame ou exames programados a tal fin que seguirá o modelo de selectividade aínda que sen optatividade. Esta proba tratará de medir especialmente o coñecemento, comprensión e claridade expositiva e argumental dos estándares de aprendizaxe e constará dun exame escrito.

b) Outro 40% da nota corresponderá a dous controles tipo test que valerán cada un 2 puntos

As observacións diarias do traballo e do desenvolvemento do alumno deberán estar reflexadas no caderno de notas do profesor e cualificaranse con ata 0.2 puntos en caso de que observacións positivas e -0.1 en caso de que sexan negativas. A suma destas observacións engadirase a nota total obtida el apartado anteriores.

c) A nota de xuño será la media ponderada das tres avaliacións, na que a 1ª avaliación valga 1, a segunda 1.5 e a terceira 2.

d) Na nota final resultante os decimais redondearanse ao número enteiro superior se acadan medio punto ou máis e ao inferior se non chegan ao medio punto.

A cualificación na materia de Psicología de 2º de bacharelato

A constatación de que o alumno acada os distintos estándares de avaliación realizarase por medio de tres procedementos de avaliación: Cuestionarios, presentación de traballos propostos, Diario de reflexión persoal e observación directa do alumno.

- 40% da cualificación corresponde á/ás probas obxectivas individuais. A superación destas probas esixirá o dominio dos contidos e a adquisición dos obxectivos específicos das unidades implicadas en ditas probas e expresados nos estándares de aprendizaxe recollidos nesta Programación.
- 40% da cualificación corresponde aos traballos realizados polo alumno. Valorarase fundamentalmente a realización das tarefas encomendadas diariamente, o diario de reflexión persoal así como os traballos de investigación realizados e a súa exposición en clase.
- 20 % restante da cualificación corresponde á observación directa do alumno e as contestacións ás cuestións que se lle vaian plantexando. Valorarase a participación na clase, a colaboración na aula e nas actividades, a atención, a presentación e realización das tarefas no tempo estipulado, a contribución ao desenvolvemento de debates, así como a capacidade de diálogo e tolerancia amosada neles.

Aprobar a avaliación implica acadar un mínimo de 4.5 puntos tras aplicar estas porcentaxes. Unha vez aprobadas as tres avaliacións, a cualificación final do curso será a media aritmética das tres. Si ao longo do curso existe un progreso nas cualificacións, terase en conta para mellorar a media aritmética. Aqueles alumnos que dominen os contidos mínimos e vaian obtendo un rendemento académico notable na materia poderán realizar e expoñer un traballo de ampliación -dirixido e orientado polo profesorado- que suporá como máximo 1 punto que será engadido á cualificación final obtida segundo os apartados anteriores.

A recuperación das avaliacións parciais durante o curso consistirá na repetición e entrega dos traballos non realizados ou avaliados negativamente e a repetición dos exames correspondentes. Para a súa corrección e cualificación empregaremos a mesma ponderación que na avaliación ordinaria.

Avaliación extraordinaria e período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria.

No período comprendido entre as avaliacións ordinaria e extraordinario repasarase o contido do curso, prestando especial atención ao solicitado polos propios alumnos, e entre eles ao solicitado por aqueles alumnos que non superaron a avaliación ordinaria.

A avaliación extraordinaria realizarase mediante una batería de preguntas correspondentes a cada avaliación, das que cada alumno deberá responder ás preguntas dos trimestres que teña suspensos. Os contidos correspondentes a cada avaliación serán valorados sobre 10 puntos. A nota final será a media das notas dos tres trimestres, podendo ser aumentada mediante actividades ou intervencións en clase durante este período, que serán valoradas con ata 0.2 puntos e que serán anotadas polo profesor.

A cualificación semi-presencial

As cualificacións no modo de ensino semi-presencial realizaranse do mesmo xeito que durante o ensino presencial, sempre e cando poidan realizarse as probas necesarias de xeito presencial. De non ser así as cualificacións adoitarían o sistema previsto para o caso de ensino non presencial.

De calque xeito, dado que diminuíría o número de horas presenciais, tentaríase de aportar a maior cantidade posible de material á Aula Virtual para que o alumnado poida completar a súa formación, que tamén se podería completar mediante conexións en *streamin* realizadas en horas de non presencialidade ou en paralelo realizadas no tempo de presencialidade doutros grupos (segundo o establecido na Orde do 16 de decembro de 2020 pola que se dan instrucións sobre o comezo do curso 2020/21 e pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia). Tamén se trataría de realizar probas *on line* que poidan medir a actividade diaria do alumnado e que se contabilizarían como traballo de aula; en particular, tentaríase de facer algún exercicio semanal ou quincenal mediante probas de tipo verdadeiro/falso ou de escolla múltiple, a suma das cales contaría o 40% da nota do trimestre.

A cualificación non presencial

Como no caso da educación semi-presencial, sexa colectiva ou individual a causa dalgunha indisposición debidamente xustificada, tentaríase de aportar a maior cantidade posible de material á Aula Virtual para que o alumnado poida completar a súa formación, que tamén se podería completarse mediante conexións en *streamin* ou en paralelo (segundo o establecido na Orde do 16 de decembro de 2020 pola que se dan instrucións sobre o

comenzo do curso 2020/21 e pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia), tamén se realizarían probas *on line* (en *streaming* en horas de non presencialidade ou en paralelo) que poidan medir a actividade diaria do alumnado e que tamén se contabilizarían como traballo de aula; en particular, tentaríase de facer algún exercicio semanal ou quincenal mediante probas de tipo verdadeiro/falso ou de escolla múltiple, a suma das cales contaría o 40% da nota do trimestre.

En caso de no ser posible a realización de ningunha proba presencial modificaríase o sistema de cualificación en función das posibilidades reais de facer as probas con garantías de obxectividade; de non ser o caso, ou se existiran dúbidas razoables, daríase máis peso na cualificación aos traballos, de xeito que o traballo de aula valería o 60% da nota de trimestre e o exame o 40%.

Recuperación

A principios do segundo e do terceiro trimestre farase un exame ao que se poderán presentar os alumnos que non acadasen un 4.5 na nota do trimestre anterior.

A máxima cualificación que se poderá obter neste exame será 6.

Outras consideracións:

Nos exames que inclúan preguntas tipo test cada pregunta mal respondida restará unha pregunta ben respondida.

Dado que a avaliación é continua nos exames poderán preguntarse contidos tratados con anterioridade durante o curso.

Cómpre levar todo o material necesario para a proba, non se permitirá pedilo aos compañeiros unha vez comezado o exame.

Un dos obxectivos fundamentais do ensino e o aproveitamento por parte alumnos dos medios que se poñen á súa disposición para acadar unha formación que lles permita afrontar as aprendizaxes futuras, así como integrarse na sociedade de xeito responsable; ademais, o sistema de cualificación actual trata de establecer unha valoración o máis obxectiva posible da consecución destes obxectivos coa finalidade de establecer unha clasificación xerárquica que poida servir para establecer preferencias á hora de optar. Polo tanto, os enganos, as artimañas ou os atallos ilícitos que pretenden adulterar os resultados escamoteando o esforzo conducen ao detrimento do propio sistema e ocasionan tratamentos discriminatorios inxustos respecto dos compañeiros. O Departamento de Filosofía pretende levar a cabo unha loita contra este tipo de actitudes, favorecidas polo feito de vernos obrigados a cualificar utilizando material de dubidosa procedencia e sen as debidas garantías, polo que máis que nunca debemos exixir honradez e responsabilidade. Por todo iso, poderán realizarse validacións das actividades e exames efectuados a través de diferentes medios, escritos ou orais, individuais ou colectivos.

Aos alumnos que entreguen un traballo realizado de xeito non presencial de forma fraudulenta, ou colabore a que outro o faga, non se lle computarán nas fórmulas establecidas para a súa cualificación as notas obtidas ao longo do curso por este concepto.

Poderán realizarse validacións das actividades e exames efectuados a través de diferentes medios, escritos ou orais, individuais ou colectivos.

Pendientes

A cualificación dos alumnos con materias pendentes farase mediante dúas avaliacións. En cada unha de elas deberán dar conta do contido do 50% da materia aproximadamente; na aula virtual do Instituto expoñerase unha relación detallada dos temas que entran no exame de cada avaliación. A nota final será media das dúas avaliacións. Ao final de curso farase un exame no que entrarán os contidos de toda a materia; a este exame poden presentarse todos aqueles alumnos que non acadaran un 5 na media das avaliacións anteriores.

No caso de que non se puideran facer os exames de xeito presencial faríanse de xeito telemático, podéndose levar a cabo, si se considerase convinte, una validación dos oral dos mesmos.

Non hai establecido horario para atención de estes alumnos, pero o profesorado atenderá as súas solicitudes e lles prestará a orientación que precisen ao longo do curso.

O seguimento do alumnado con materias pendentes levarase a cabo polo profesorado que lles imparta clase no curso actual; a elaboración das probas, así como a súa cualificación, correrán a cargo do xefe de departamento.

lización da media.

A cualificación final da materia será a media aritmética das tres avaliacións.

Aqueles alumnos que por causa xustificada non poidan realizar as probas de xeito presencial daráselles a oportunidade de facelo online, neste caso a proba poderá realizarse oralmente.

A cualificación para a materia de Filosofía de 1º Bacharelato

A cualificación de cada avaliación en 1º de Bacharelato establecerase da seguinte maneira:

a) Un 80% da nota corresponderá ao exame ou exames programados a tal fin. Esta proba tratará de medir especialmente o coñecemento, comprensión e claridade expositiva e argumental dos estándares de aprendizaxe e constará dun exame escrito; poderase dividir este exame en dous exames escritos cun valor do 40% cada un si así o decide o Departamento, en cada un dos cales se avaliará o uso adecuado dos conceptos e terminoloxía técnica, a cohesión, coherencia e consistencia das exposicións.

b) Outro 20% da nota corresponderá ao traballo de aula, que constará de:

4. Observación diaria do traballo e do desenvolvemento do alumno que permita valorar o grado de implicación, a capacidade de aprender, a capacidade de expresión oral e o nivel de desenvolvemento da competencia social e cidadá. As valoracións de estas observacións deberán estar reflexadas no caderno de notas do profesor e cualifícaranse con ata 0.2 puntos en caso de que observacións positivas e -0.1 en caso de que sexan negativas. A suma destas observacións engadirase a nota total obtida el apartado anteriores. Poderase realizar tamén un control en clase consistente en unha proba tipo test ou de preguntas cortas, que poderá valorarse ata dous puntos
5. A nota de xuño será la media aritmética das tres avaliacións
6. Na nota final resultante os decimais redondearanse ao número enteiro superior se acadan medio punto ou máis e ao inferior se non chegan ao medio punto.

A cualificación para a materia de Filosofía de 2º Bacharelato

A cualificación de cada avaliación en 2º de Bacharelato establecerase da seguinte maneira:

a) Un 60% da nota corresponderá ao exame ou exames programados a tal fin que seguirá o modelo de selectividade aínda que sen optatividade. Esta proba tratará de medir especialmente o coñecemento, comprensión e claridade expositiva e argumental dos estándares de aprendizaxe e constará dun exame escrito.

b) Outro 40% da nota corresponderá a dous controles tipo test que valerán cada un 2 puntos

As observacións diarias do traballo e do desenvolvemento do alumno deberán estar reflexadas no caderno de notas do profesor e cualificaranse con ata 0.2 puntos en caso de que observacións positivas e -0.1 en caso de que sexan negativas. A suma destas observacións engadirase a nota total obtida el apartado anteriores.

c) A nota de xuño será la media ponderada das tres avaliacións, na que a 1ª avaliación valga 1, a segunda 1.5 e a terceira 2.

d) Na nota final resultante os decimais redondearanse ao número enteiro superior se acadan medio punto ou máis e ao inferior se non chegan ao medio punto.

A cualificación na materia de Psicoloxía de 2º de bacharelato

A constatación de que o alumno acada os distintos estándares de avaliación realizarase por medio de tres procedementos de avaliación: Cuestionarios, presentación de traballos propostos, Diario de reflexión persoal e observación directa do alumno.

- 40% da cualificación corresponde á/ás probas obxectivas individuais. A superación destas probas esixirá o dominio dos contidos e a adquisición dos obxectivos específicos das unidades implicadas en ditas probas e expresados nos estándares de aprendizaxe recollidos nesta Programación.
- 40% da cualificación corresponde aos traballos realizados polo alumno. Valorarase fundamentalmente a realización das tarefas encomendadas diariamente, o diario de reflexión persoal así como os traballos de investigación realizados e a súa exposición en clase.
- 20 % restante da cualificación corresponde á observación directa do alumno e as contestacións ás cuestións que se lle vaian plantexando. Valorarase a participación na clase, a colaboración na aula e nas actividades, a atención, a presentación e realización das tarefas no tempo estipulado, a contribución ao desenvolvemento de debates, así como a capacidade de diálogo e tolerancia amosada neles.

Aprobar a avaliación implica acadar un mínimo de 4.5 puntos tras aplicar estas porcentaxes. Unha vez aprobadas as tres avaliacións, a cualificación final do curso será a media aritmética das tres. Si ao longo do curso existe un progreso nas cualificacións, terase en conta para mellorar a media aritmética. Aqueles alumnos que dominen os contidos mínimos e vaian obtendo un rendemento académico notable na materia poderán realizar e expoñer un traballo de ampliación -dirixido e orientado polo profesorado- que suporá como máximo 1 punto que será engadido á cualificación final obtida segundo os apartados anteriores.

A recuperación das avaliacións parciais durante o curso consistirá na repetición e entrega dos traballos non realizados ou avaliados negativamente e a repetición dos exames correspondentes. Para a súa corrección e cualificación empregaremos a mesma ponderación que na avaliación ordinaria.

Avaliación extraordinaria e período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria.

No período comprendido entre as avaliacións ordinaria e extraordinario repasarase o contido do curso, prestando especial atención ao solicitado polos propios alumnos, e entre eles ao solicitado por aqueles alumnos que non superaron a avaliación ordinaria.

A avaliación extraordinaria realizarase mediante una batería de preguntas correspondentes a cada avaliación, das que cada alumno deberá respostar ás preguntas dos trimestres que teña suspensos. Os contidos correspondentes a cada avaliación serán valorados sobre 10 puntos. A nota final será a media das notas dos tres trimestres, podendo ser aumentada mediante actividades ou intervencións en clase durante este período, que serán valoradas con ata 0.2 puntos e que serán anotadas polo profesor.